

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 27/02/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/02/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 7 de febreiro de 2020.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes febreiro de 2020.
3. Toma de coñecemento do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de Morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 4 º trimestre/2019, Concello e Fundación de Deportes
4. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/REC/2020
5. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en defensa da educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación con arranxos urxentes no Campo de Fútbol de Berdón e a súa contorna
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en común de apoio á loita feminista do 8 de marzo de 2020.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en rexeitamento dos mal chamados campionatos de caza de raposo e en apoio das mobilizacións veciñais.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 7 DE FEBREIRO

DE 2020.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da citada acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2 TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRICIÓN
1	Recoñecemento de obrigas
1	Expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos
1	Incoación de expediente de transferencias de crédito de persoal

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO DE 2020:

Nº	DESCRICIÓN
1	Concesión de licenza de obras de canalización
8	Concesión de licenza de obra maior
2	Concesión de licenza de legalización de obras
2	Denegación de licenza de legalización
14	Aceptación comunicación previa de documentación para realización de obras
4	Declaración de ineficacia de comunicación previa
1	Declaración de innecesariedade de licenza municipal obras cuberta capela IIIa de Cortegada
3	Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
2	Concesión de licenza de vao permanente
1	Concesión de licenza para instalación hidrante de incendios
1	Nomeamento “encargado do Armamento e Munición do Servizo de Policía Local”
14	Nomeamento de funcionario/a interino/a
7	Inscripción de can no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos
11	Concesión/renovación de licenza municipal tenza de animais potencialmente perigosos
1	Aboamento atrasos trienios
4	Amortización de préstamos
2	Alteracións xurídicas inscrición catastro
8	Compensación de débeda
2	Deber de conservación de edificacións
1	Delegación funcións da Alcaldía na Primeira Tenente de Alcalde
1	Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo

- 1 Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en festivo
- 1 Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Nomeamento representante Consellos Escolares Escolas Unitarias
- 2 Aboamento de comisións bancarias
- 1 Aboamento sanción Xunta de Galicia
- 16 Orde de pago de facturas
- 4 Reposición da legalidade urbanística
- 2 Bixas no Padrón de habitantes por inscricións indebidas
- 7 Inicio de expediente sancionador por infracción de horarios
- 6 Expediente sancionador por infracción rúidos
- 1 Fraccionamento de débeda
- 1 Aprobación plan de seguridade e saúde de obra
- 3 Aboamento de gratificacións por substitución de posto de categoría superior

TOTAL: 136

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2019, CONCELLO E FUNDACIÓN DE DEPORTES:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2019, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	2.419.102,11	353.901,69
Investimentos reais	990.204,49	325,85
Outros pagos realizados por operacións comerciais	483,12	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	3.409.789,72	354.227,54

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.009.146,38	244.304,98
Investimentos reais	292.550,62	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		

Pendientes de aplicar a Orzamento	76.781,18	11.342,43
TOTAL	1.378.478,18	255.647,41

Período medio de pago: 41,35 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	185.187,67	
Investimentos reais	6.913,30	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	192.100,97	

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos		
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	0,00	0,00

Período medio de pago: 4,85 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/REC/2020. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor seguinte:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2019-176 que corresponden a contratos menores de servizos e subministros adxudicados polos servizos municipais no exercicio 2018 pero que non foron presentadas no rexistro contable ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.
2. Xustificantes de gasto contidos na relación na relación F/2019-192 que corresponden a contratos menores de subministro de enerxía eléctrica coa empresa Naturgy Iberia S.A.,

realizados no mes de xullo que tiveron entrada no rexistro contable na primeira quincena do mes de setembro, que non foron tramitados con anterioridade pola complexidade que conleva a comprobación da facturación emitida por este tipo de empresas

3. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2019-190 que corresponden a contratos menores de subministro de enerxía eléctrica coa empresa Comercializadora reguladora Gas & Power, S.A., realizados entre os meses de maio e xuño que tiveron entrada no rexistro contable na primeira quincena do mes de agosto, que non foron tramitados con anterioridade pola complexidade que conleva a comprobación da facturación emitida por este tipo de empresas.
4. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2019-191 que corresponden a contratos menores de subministro de enerxía eléctrica coa empresa Naturgy Iberia S.A., realizados no mes de xullo que tiveron entrada no rexistro contable na primeira quincena do mes de setembro, que non foron tramitados con anterioridade pola complexidade que conleva a comprobación da facturación emitida por este tipo de empresas.
5. Xustificantes de gasto contidos na relación na relación F/2019-194 que corresponden a contratos menores de subministro de enerxía eléctrica coa empresa Naturgy Iberia S.A., realizados no mes de agosto de 2019 que tiveron entrada no rexistro contable na primeira quincena do mes de outubro, que non foron tramitados con anterioridade pola complexidade que conleva a comprobación da facturación emitida por este tipo de empresas.
6. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2019-187 que corresponden a contratos menores de servizos e subministros adxudicados no exercicio 2019 con omisión do procedemento legalmente establecido, e por eso inda que tiveran entrada con posterioridade á data de peche contable, aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, non teñen cabida na tramitación excepcional prevista na Base 21.1 da Bases de Execución do orzamento ao non contar con acordo de adxudicación con saldo na data de peche contable.
7. Xustificantes de gasto contidos na relación na relación F/2019-193 que corresponden a contratos menores de subministro de enerxía eléctrica coa empresa Comercializadora reguladora Gas & Power, S.A., realizados no mes de agosto que tiveron entrada no rexistro contable na primeira quincena do mes de outubro, que non foron tramitados con anterioridade pola complexidade que conleva a comprobación da facturación emitida por este tipo de empresas.
8. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2019-202 que correspondentes aos meses de outubro e novembro do contrato de servizos do Programa CONCILIATARDES, adxudicado no exercicio 2019 e que tiveron entrada con posterioridade á data de peche contable establecida mediante instrución interna da Intervención municipal, pero que non teñen cabida na tramitación excepcional prevista na Base 21.1 da Bases de Execución do orzamento por tratarse dunha facturación mensual.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 180.596,86€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2020/0000015-1 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2020 por importe de 180.596,86€ con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2020, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/8, N° D/2019/10, N° D/2019/11, N° D/2019/12, N° D/2019/13, N° D/2019/20, N° D/2019/21 e N° D/2019/26 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 180.596,86€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 (2019 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concellerios/as presentes no Pleno (20)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2020, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/8, N° D/2019/10, N° D/2019/11, N° D/2019/12, N° D/2019/13, N° D/2019/20, N° D/2019/21 e N° D/2019/26 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 180.596,86€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 (2019 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

O 8M celebramos a alianza existente entre mulleres de todo o mundo como a fórmula que nos levou á consecución dos dereitos xa conquistados e como a única vía para acadar aqueles que nos quedan por conquistar. Celebramos a todas aquelas mulleres que nos precederon, e aquelas coas que compartimos loita, a aquelas que se suman cada día e tamén ás que virán.

En Galicia farémolo durante este 2020 baixo o lema “Sen coidados non hai vida”, e así reivindicamos a aquelas mulleres próximas, ás nosas nais, avoas e irmás, ás que asumen esa tarefa tan imprescindible e infravalorada que supón coidar, convertendo os afectos nun dos alicerces fundamentais da sociedade.

Debemos salientar que a igualdade real pasa por reformular o sistema para que non sexan as familias, e maiormente as mulleres, as que asuman os coidados. Hoxe, grazas aos feminismos, falamos da necesidade de transitar cara unha sociedade que se corresponsabilice da tarefa de coidar.

Porque a nosa realidade como mulleres, a fenda salarial, a precariedade laboral, as pensións, son cuestións que veñen determinadas, en gran parte, pola tarefa de coidar e que non resolveremos sen unha transformación do sistema.

Incluso as persoas que realizan estas tarefas de maneira profesional, moitas veces fano en condicións laborais precarias, cando non son obxecto da economía sumerxida. Ás institucións debemos esixirlles un compromiso co sistema público de coidados e coas condicións das traballadoras. Nunha sociedade como a galega, cun envellecemento paulatino da poboación, os coidados supoñen o único garante da calidade de vida e da dignidade de moitas persoas en situación de vulnerabilidade.

Denunciamos que, nesta sociedade, ser muller é a primeira causa de pobreza. Reivindicamos o noso dereito a desenvolver un proxecto de vida propio e empregos adaptados ás nosas necesidades vitais.

Cando falamos de coidados, cómpre incluír tamén o coidado e o respecto do entorno e o medio no que vivimos, reivindicando fórmulas de sustentabilidade e de defensa dos nosos bens naturais moi próximas á concepción e maneiras das mulleres rurais galegas, as grandes esquecidas por un sistema capitalista e urbanocéntrico. Debemos mirar ás nosas antergas que son exemplo de crear comunidade e arraigamento, respecto á identidade e tecer redes de sororidade. A súa labor constitúe o noso legado.

Pero, ademais, este 2020 debemos insistir no dereito a unha educación en igualdade, respecto ás diversidades, e unha verdadeira formación afectivo-sexual, como as ferramentas máis efectivas para acadar unha sociedade libre de violencia machista nas súas distintas expresións. Cando as liberdades das mulleres son ameazadas, só cómpre avanzar en dereitos. Debemos rexeitar aquelas voces que tratan de negar as violencia machista e as discriminacións que vivimos polo feito de ser mulleres.

Precisamos seguir creando redes feministas para todas esas irmás que sofren múltiples discriminacións, por mor da etnia, cultura, idade, discapacidade, identidade de xénero ou

orientación sexual, precariedade e as distintas realidades que nos condicionan como mulleres.

Por todo isto, pedímoslle ao pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, que asuma este manifesto como propio e se una á súa lectura no acto do vindeiro 6 de marzo ás 12:00 Horas.

Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concellerios/as presentes no Pleno (20)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde modifícase a Orde do Día do Pleno pasando a tratar os asuntos numerados pola seguinte orde: 7, 8, 10, 6 e a continuación seguese cos asuntos restantes da orde do día.

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a

través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada dúas solicitudes de participación cidadá:

- D. Borja Herbes en relación coa moción do grupo municipal de Marea da Vila en defensa da educación pública.
- D. Angel Cardalda Mosqueda en relación coa moción do grupo municipal do PP sobre arranxos urxentes no Campo de Fútbol de Berdón.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA EN DEFENSA DA EDUCACIÓN PÚBLICA, INCLUSIVA E DE CALIDADE EN TÓDALAS ETAPAS E DURANTE TODA A VIDA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 16 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Moción en defensa da educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida.

A educación non é un privilexio, é un dereito fundamental que posúen tódalas persoas, con independencia da súa orixe e condición. Así é recoñecido no noso ordenamento xurídico e no ordenamento xurídico internacional. Á escola correspóndelle satisfacer este dereito garantindo que os rapaces e as rapazas adquiren as competencias necesarias para realizarse académica, profesional e persoalmente.

En coherencia cos valores propios das sociedades democráticas, a escola ten ademais a obriga básica de educar na liberdade, na igualdade de oportunidades e na plena inclusión social de tódalas persoas e colectivos.

A escola pública é, sen ningunha dúbida, a institución que dispón das mellores condicións para ofrecer unha educación coherente cos valores democráticos e cos obxectivos académicos, profesionais e persoais da cidadanía, polo que debería contar co apoio pleno e sen fisuras de tódolos representantes institucionais. Porén, durante a última década sufriu o ataque furibundo dos gobernos do Partido Popular, que tentou desmantelar a educación de todos e todas para facer negocio coa ensinanza privada. Así o demostran os sucesivos recortes orzamentarios, que deixan o orzamento de ensino, en termos reais, 294 millóns de euros por debaixo do que tiñamos

en 2009. Recortes que obviamente se deixan sentir nos sucesivos peches de centros, os recortes de persoal docente, a precarización da ensinanza primaria e secundaria...á vez que o orzamento para o ensino privado concertado aumentaba.

Nestes momentos, a ofensiva privatizadora do Partido Popular céntrase no ámbito das universidades. O Goberno da Xunta de Galicia está decidida a autorizar a apertura da universidade privada de Abanca malia o rexeitamento da comunidade educativa expresado recentemente polos tres reitores das tres universidades públicas galegas. Outra vez, o goberno do señor Núñez Feijóo prefire satisfacer os intereses privados das elites a defender o ben común das maiorías sociais.

Isto ten que mudar canto antes. A sociedade galega merece unha educación pública, inclusiva e de calidade, e os seus representantes institucionais temos a obriga de comprometer nos coa súa defensa.

Por todo isto, o Grupo Municipal Marea da Vila presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1) Defender a educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida.
- 2) Rexeitar que o Goberno da Xunta de Galicia autorice a apertura da Universidade Intercontinental da Empresa, promovida pola Fundación Galicia Obra Social-Afundación
- 3) Defender a educación feminista transversal en tódalas etapas educativas.
- 4) Defender a escolarización equilibrada de todo o alumnado entre centros sostidos total ou parcialmente con fondos públicos para evitar a segregación por motivos socioeconómicos ou de calquera outra natureza.
- 5) Opoñerse ao mantemento con fondos públicos de centros educativos concertados que segregan ao alumnado.
- 6) Defender a incorporación da educación afectivo-sexual en tódalas etapas educativas.
- 7) Defender a educación nos valores democráticos da liberdade, a equidade e a inclusión.
- 8) Promover a incorporación das familias, da veciñanza, dos colectivos sociais e das organizacións do terceiro sector aos procesos educativos formais e informais.
- 9) Defender a gratuidade de todo o material escolar.
- 10) Instar á Xunta a:
 - a. Asumir as demandas de redución do horario lectivo expresadas polo profesorado.
 - b. Reducir o número de alumnos por profesor.
 - c. Recuperar as prazas docentes que se perderon dende 2009.
- 11) Trasladar o presente acordo ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que o fagan cumprir nos ámbitos das súas respectivas competencias.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en defensa da educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida.

- Intervén D. Borja Herbés Ferro en defensa da educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida..

- A continuación interveñen os/as voceiros/as dos grupos políticos municipais.
- O Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte emenda en relación co apartado apartado 5, modificándose do seguinte xeito:
 - 5) Opoñerse ao mantemento con fondos públicos de centros educativos concertados.
- O Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda en relación co apartado 2:, modificándose do seguinte xeito:
 - 2) Rexeitar que o Goberno da Xunta de Galicia autorice a apertura da Universidade Intercontinental da Empresa, promovida pola Fundación Galicia Obra Social-Afundación se non cumpren a Lei de Universidades, e en todo caso sen aportar investimento público.
- A representante do grupo municipal de Marea da Vila di que acepta a emenda presentada polo PSG-PSOE e non acepta a emenda presentada polo BNG.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal do BNG (1), e catro votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e:

- 1) Defender a educación pública, inclusiva e de calidade en tódalas etapas e durante toda a vida.
- 2) Rexeitar que o Goberno da Xunta de Galicia autorice a apertura da Universidade Intercontinental da Empresa, promovida pola Fundación Galicia Obra Social-Afundación se non cumpren a Lei de Universidades, e en todo caso sen aportar investimento público.
- 3) Defender a educación feminista transversal en tódalas etapas educativas.
- 4) Defender a escolarización equilibrada de todo o alumnado entre centros sostidos total ou parcialmente con fondos públicos para evitar a segregación por motivos socioeconómicos ou de calquera outra natureza.
- 5) Opoñerse ao mantemento con fondos públicos de centros educativos concertados que segregan ao alumnado.
- 6) Defender a incorporación da educación afectivo-sexual en tódalas etapas educativas.
- 7) Defender a educación nos valores democráticos da liberdade, a equidade e a inclusión.
- 8) Promover a incorporación das familias, da veciñanza, dos colectivos sociais e das organizacións do terceiro sector aos procesos educativos formais e informais.
- 9) Defender a gratuidade de todo o material escolar.
- 10) Instar á Xunta a:
 - a. Asumir as demandas de redución do horario lectivo expresadas polo profesorado.
 - b. Reducir o número de alumnos por profesor.
 - c. Recuperar as prazas docentes que se perderon dende 2009.
- 11) Trasladar o presente acordo ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que o fagan cumprir nos ámbitos das súas respectivas competencias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN CON ARRANXOS URXENTES NO CAMPO DE FÚTBOL DE BERDÓN E A SÚA CONTORNA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de febreiro de 2020 a seguinte MOCIÓN:

"Arranxos urxentes no campo de fútbol de Berdón e a súa contorna"

EXPOÑEN

O pleno da corporación de Vilagarcía aprobaba o 26 de abril de 2018, por UNANIMIDADE, a moción do Partido Popular relativa ás melloras necesarias no campo de fútbol de Berdón e a súa contorna. Todos os grupos apoiaron a petición do Club Vilagarcía S.D. e a dos centos de usuarios que usan estas deterioradas instalacións. Actualmente o clube segue a demandar esas melloras, que se foron agravando co paso do tempo.

O estado da instalación, tanto no interior coma no exterior do recinto deportivo, é ben coñecida, así como as peticións do clube, xogadores e afeccionados. Sen embargo, dous anos despois daquel consenso plenario, a realidade evidencia que non se deu cumprimento ós acordos alcanzados.

Falta sinalización dos accesos ás instalacións, tanto por Trabanca Badiña como pola Torre, o que evitaría confusións dos equipos visitantes. Os únicos carteis que existen son os que instalaron o propio clube.

Solicitan a dirección única nos accesos ó campo, en especial os sábados e os domingos, momentos nos que se multiplican os vehículos que chegan ós arredores do campo. É habitual que algún equipo visitante acuda en autobús, o que dificulta aínda máis a maniobrabilidade. Pídese tamén a delimitación, mediante pintado, de prazas de aparcamento.

É urxente o peche perimetral do recinto xa que o muro apenas ten 1,5 metros de altura, o que facilita o acceso desde o exterior.

Segue habendo lixo nas inmediacións das instalacións, o que ofrece unha pésima imaxe do campo e da propia cidade. Solicitan tamén o acondicionamento do perímetro exterior das instalacións, xa que son habituais as perdas de balóns, que supoñen un serio risco.

O campo ben merece unha inauguración e que sexa bautizado, contando cun cartel identificativo. Os árbitros levan tempo demandando cobertura Wifi, xa que agora teñen que enviar as actos dos partidos de maneira telemática e teñen verdadeiros problemas para facelo.

A iluminación é claramente insuficiente e o marcador non funciona.

O terreo de xogo está parcialmente afundido, o que se traduce nun impedimento grave para a normal práctica do xogo e que xa produciu diversos accidentes.

A parte traseira das gradas presenta portas que foron destruídas e que actualmente supoñen un

perigo, xa que ademais están nunha zona empregada por nenos e nenas de curta idade.

Os vestiarios son outra das peticións máis urxentes do clube pola súa perigosidade ó ter un chan esvaradizo e sen elementos de protección. Do mesmo xeito o sistema de auga quente presenta graves deficiencias que provocan días nos que as duchas queiman e outros nos que a temperatura varía de maneira intermitente.

O clube quere cambiar a ubicación actual da cantina para facela máis grande e máis cómoda para os usuarios.

Por último, e unha vez máis por seguridade, solicitan o retranqueo do valado de protección da área de xogo, xa que pola súa culpa se teñen rexistrado diferentes golpes, algúns deles de consideración.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Instar ó goberno local a que dea cumprimento ás peticións do Club Vilagarcía S.D. e dos usuarios do campo de fútbol de Berdón:

- Sinalización nos accesos ó campo
- Implantación da dirección única na entrada do campo
- Delimitación das prazas de aparcamento
- Peche perimetral do recinto
- Limpeza do lixo acumulado nas inmediacións
- Acondicionamento do perímetro exterior do campo
- Inauguración e "bautizo" do campo con instalación dun cartel
- Cobertura Wifi
- Mellora e aumento da iluminación
- Arranxo do terreo de xogo afundido
- Arranxo das portas da parte traseira das gradas
- Reforma dos vestiarios e dotación de material de protección
- Cambio de ubicación da cantina
- Mellora no sistema de caldeira e auga quente

Ana Granja – Voceira do Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación con arranxos urxentes no Campo de Fútbol de Berdón e a súa contorna.

- Intervén D. Angel Cardalda Mosquera.

- A continuación interveñen os/as voceiros/as dos grupos políticos municipais.

- O grupo municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda:

Suprimir da moción o apartado de - Cambio de ubicación da cantina.

- O Grupo Municipal do PP acepta a emenda presentada polo PSG-PSOE.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PPe que polo goberno local a que dea cumprimento ás peticións do Club Vilagarcía S.D. e dos usuarios do campo de fútbol de Berdón:

- Sinalización nos accesos ó campo
- Implantación da dirección única na entrada do campo
- Delimitación das prazas de aparcamento
- Peche perimetral do recinto
- Limpeza do lixo acumulado nas inmediacións
- Acondicionamento do perímetro exterior do campo
- Inauguración e "bautizo" do campo con instalación dun cartel
- Cobertura Wifi
- Mellora e aumento da iluminación
- Arranxo do terreo de xogo afundido
- Arranxo das portas da parte traseira das gradas
- Reforma dos vestiarios e dotación de material de protección
- Mellora no sistema de caldeira e auga quente

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN DE APOIO Á LOITA FEMINISTA DO 8 DE MARZO DE 2020.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 18 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de xaneiro de 2020, a seguinte moción:

MOCIÓN DE APOIO A LOITA FEMINISTA 8 de marzo de 2020

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo é o Día Internacional da Muller, que reivindica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, participación e recoñecemento, en pé de igualdade cos homes, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa. Proposta herdeira de feministas socialistas como Clara Zetkin que en 1910 impulsaron tal data e que foi posteriormente institucionalizada polas Nacións Unidas en 1975. A desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, asentada e sostida polo sistema capitalista e patriarcal cuxo obxectivo é obter beneficios e

privilexios para uns poucos á conta das persoas máis vulnerables e oprimidas, que terminan sendo as mulleres en toda a súa diversidade (migrantes, racializadas, trans, con diversidade funcional, novas e maiores). A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas ou a falta de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas da subordinación social ás que ven sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludible tomar todos os espazos que tamén lles pertencen: as rúas, as institucións, os centros de traballo ou estudo, os espazos culturais, etc.

Este 8M o movemento feminista traballa para ocupar o espazo público e visibilizar de forma descentralizada en todos os pobos e barrios das cidades e en todas as zonas rurais, un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas que se engloban e debuxannestes escenarios:

Os continuos asasinatos de mulleres deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres.

As mulleres están desprotexidas fronte ás agresións sexuais e as violacións; desde 2016 cometéronse 89 agresións sexuais múltiples no Estado Español. Esiximos unha educación afectivo-sexual desde a igualdade e a diversidade sexual, identidade e/ou expresión de xénero e que eduque aos homes nunha masculinidade non violenta.

En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos similares. A longo prazo, esta fenda salarial afecta ás súas pensións. Ademais, as mulleres atópanse nun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, instalándose especialmente nos fogares monomarentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Así, segundo os últimos datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial do 2017, as mulleres ingresaron 5.488 € menos que os homes polo seu traballo asalariado. Iso esixe fortalecer as políticas públicas e leis en materia de dependencia e servizos sociais que foron privatizadas, mercantilizadas e individualizadas.

As miles e miles de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa chamada "industria do sexo" e a prostitución, fai imprescindible a posta en marcha de políticas públicas e protocolos globais contra a trata que cumpran o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas formativas e laborais, políticas sociais e mecanismos de asilo e protección reais.

A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres (migrantes ou mulleres entre os 16-18 anos). A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar a IVE e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito. Esiximos que se realicen de forma gratuíta e dentro do Sistema de Saúde público. Denunciamos a represión cara a quen encabeza a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.

As mulleres migrantes sofren maiores violencias no proceso migratorio e discriminacións xenófobas e racistas. Por elo son necesarias unhas políticas de estranxeiría respetuosas cos dereitos humanos e unhas políticas públicas que creen alternativas para as traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral e as protexan da trata e a prostitución.

A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos, de mulleres empobrecidas que son quen se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal, é un nicho de negocio que mercantiliza os corpos e as vidas das mulleres.

A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na inxeniería ou arquitectura... as mulleres apenas existen no

espazo público. Esta invisibilización oculta as mulleres da Historia e fai que todas as súas achegas foran e sigan sendo totalmente ignoradas. Esiximos unha memoria histórica feminista que reivindique o papel e a presenza imprescindible das mulleres en temarios e materiais docentes en todos os niveis educativos e en todos os espazos culturais.

Por estas e moitas máis razóns é necesario que este Concello apoie as accións convocadas para o 8 de marzo. Unha Xornada de Loita que irá enmarcada con grandes accións e manifestacións ao longo de todo o territorio galego onde as mulleres tomarán as rúas para denunciar un ano máis que hai que transformar o mundo, cambiando os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Hoxe, o feminismo segue sendo imprescindible para reverter a desigualdade, loitar contra a intolerancia e o odio e transformar a sociedade.

Por todo iso, o grupo municipal de Vilagarcía en Común propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Apoiar as accións feministas que se desenvolvan na reivindicación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres feministas no 8 de marzo.
- 2.- Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.
- 3.- Cumprir as medidas do Pacto de Estado de competencia municipal.
- 4.- Implantar un Plan pola igualdade e contra a violencia de xénero, en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e de mulleres, que teña como obxectivo o desenvolvemento das medidas contempladas presupuestariamente e que sexa avaliable anualmente.
- 5.- Dotar de recursos económicos aos clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e agrupacións deportivas escolares que non discriminen por razón de sexo nos seus premios ou recoñecementos que se outorguen a persoas deportistas.
- 6.- Desenvolver políticas encamiñadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia de xénero. Executando políticas activas para erradicar todas as formas que teña relación coa explotación sexual; con especial atención ás ordenanzas de publicidade e todas aquelas que de forma directa ou indirecta permitan ou faciliten o desenvolvemento de actividades encamiñadas á devandita explotación.
- 7.- A eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante das mulleres, ben desde os soportes, publicacións ou transportes públicos (marquesiñas, autobuses taxis, guías, ou información turística,...) ben non contratando con medios privados que a manteñan ou potencien.
- 8.- A implantar actividades escolares complementarias con formulacións que potencien valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.
- 9.- Que as medidas/propostas sexan asumidas desde a dotación suficiente para ser levadas a cabo. Que teñan seguimento e mínima relación de obxectivos calendarizados para que se poida comprobar a suficiencia orzamentaria, a correcta implementación e a repartición de dotacións.

En Vilagarcía de Arousa, 18 de febreiro de 2020.

Jesús López Rodríguez

Voceiro de Vilagarcía en Común

O Sr. López Rodríguez presenta a seguinte proposta de modificación do punto 1 do acordo na Moción rexistrada, quedando como segue:

ACORDO:

- 1.- Apoiar as accións feministas que se desenvolvan na reivindicación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades

e actos que convoquen as asociacións de mulleres feministas no 8 de marzo. A vista de que está convocada unha manifestación en Verín (1 de marzo) concretar este apoio ás mobilizacións, para o cal este concello sufragará os custes resultants da posta a disposición de, como mínimo, dun medio de transporte axeitado para favorecer a asistencia da veciñanza de Vilagarcía.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de apoio á loita feminista do 8 de marzo de 2020, coa emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa modificación proposta polo grupo municipal de Vilagarcía en Común, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e,

1.- Apoiar as accións feministas que se desenvolvan na reivindicación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres feministas no 8 de marzo. A vista de que está convocada unha manifestación en Verín (1 de marzo) concretar este apoio ás mobilizacións, para o cal este concello sufragará os custes resultants da posta a disposición de, como mínimo, dun medio de transporte axeitado para favorecer a asistencia da veciñanza de Vilagarcía.

2.-Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

3.-Cumprir as medidas do Pacto de Estado de competencia municipal.

4.-Implantar un Plan pola igualdade e contra a violencia de xénero, en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e de mulleres, que teña como obxectivo o desenvolvemento das medidas contempladas presupuestariamente e que sexa avaliable anualmente.

5.-Dotar de recursos económicos aos clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e agrupacións deportivas escolares que non discriminen por razón de sexo nos seus premios ou recoñecementos que se outorguen a persoas deportistas.

6.-Desenvolver políticas encamiñadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia de xénero. Executando políticas activas para erradicar todas as formas que teña relación coa explotación sexual; con especial atención ás ordenanzas de publicidade e todas aquelas que de forma directa ou indirecta permitan ou faciliten o desenvolvemento de actividades encamiñadas á devandita explotación.

7.-A eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante das mulleres, ben desde os soportes, publicacións ou transportes públicos (marquesiñas, autobuses taxis, guías, ou información turística,...) ben non contratando con medios privados que a manteñan ou potencien.

8.-A implantar actividades escolares complementarias con formulacións que potencien valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.

9.-Que as medidas/propostas sexan asumidas desde a dotación suficiente para ser levadas a cabo. Que teñan seguimento e mínima relación de obxectivos calendarizados para que se poida comprobar a suficiencia orzamentaria, a correcta implementación e a repartición de dotacións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA EN REXEITAMENTO DOS MAL CHAMADOS CAMPIONATOS DE CAZA DE RAPOSO E EN APOIO DAS MOBILIZACIÓNS VECIÑAIS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 16 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN EN REXEITAMENTO DOS MAL CHAMADOS CAMPIONATOS DE CAZA DE RAPOSO E EN APOIO DAS MOBILIZACIÓNS VECIÑAIS

A celebración de pseudocampionatos para matar raposos e fornecer recompensas por este feito ten recibido unha forte contestación social no noso país ata o punto de que o pasado Marzo de 2018 o Parlamento galego aprobaba, por unanimidade, unha Proposición Non de Lei, na que se instaba á Xunta a non colaborar nen subsidiar este tipo de convocatorias, a que os seus cargos non participaran dos mesmos, como era habitual na entrega de "trofeos" e solicitar do goberno central a apertura dun debate acerca deste tipo de prácticas.

Non existe ningunha xustificación científica rigorosa para afirmar que son precisos autorizar competicións para masacrar a estes mamíferos e mesmo as convocatorias serven para tratar de lavar unha práctica rexeitada socialmente como se fora unha actividade deportiva calquera, pola cal as federacións perciben milleiros de euros, incluso para fomentar a caza entre a mocidade.

Ademais da falta de censos independentes tamén dende a Bioloxía diferentes expertos teñen advertido sobre o beneficioso papel dos raposos nos ecosistemas, como auténticos xestores da fauna e vectores fundamentais para a prevención de certas enfermidades existentes no Medio natural, argumento que se suma ao feito de que estes campionatos supoñen unha presión inxustificada sobre as zonas onde se desenvolven, con dúcias de cazadores e cans que poden acosar a outras especies, incluso en época de nidificación.

O emprego de munición de chumbo e as advertencias que se teñen feito dende as organizacións especializadas nas substancias químicas, como a ECHA europea, tamén subliñan o papel negativo dos campionatos para masacrar raposos nos ecosistemas da nosa provincia e de todo o país.

A todo isto súmase a absoluta opacidade coa que se organizan e realizan estas convocatorias, furtando o dereito de calquera persoa a coñecer en que lugares van ter centos de cazadores disparando durante toda unha mañá, poñendo en risco ás persoas que queren disfrutar un sábado practicando deporte no Medio Natural, recollendo fungos ou simplemente paseando, e dificultando tamén o lexítimo dereito á protesta activa daquelas persoas que así o consideran oportuno.

E por iso que propoñemos:

- Manifestar o rexeitamento do Concello de Vilagarcía de Arousa á realización de campionatos para masacrar raposos na provincia e no conxunto do país.
- Instar á Xunta a suspender calquera colaboración coa organización destes eventos e a desenvolver as medidas legislativas axeitadas para impedir a súa realización no menor tempo posible.
- Facer un chamado á participación veciñal nas protestas cívicas que se veñen convocando de xeito autoorganizado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en rexeitamento dos mal chamados campionatos de caza de raposo e en apoio das mobilizacións veciñais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de marea da Vila e,

- Manifestar o rexeitamento do Concello de Vilagarcía de Arousa á realización de campionatos para masacrar raposos na provincia e no conxunto do país.
- Instar á Xunta a suspender calquera colaboración coa organización destes eventos e a desenvolver as medidas legislativas axeitadas para impedir a súa realización no menor tempo posible.
- Facer un chamado á participación veciñal nas protestas cívicas que se veñen convocando de xeito autoorganizado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200227&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.